
OPINIÓN

RAMÓN NICOLÁS
PROFESOR E CRÍTICO LITERARIO

Adeus, Xela

FRAGUAMOS unha relación amical con palabras, libros, versos, emendas e tinta desde hai case vinte anos cando Edicións Xerais comezaba case a camiñar e ela contribuía a profesionalizar a edición nes país.

Seguina sempre, no seu labor como tradutora, tamén como poeta, desde o seu voz *Tigres coma cabalos*, pasando polo fermoso *Darío a diario* ata o recente *Intempériome*, que me parecía a palabra máis vital e intensa,

máis madura e chea de forza que ela nos dera.

Non é doado imaxinar a Xela sen libros, nin lapis, nin papel. Esas foron as ferramentas da súa vida, unha vida coa que sempre quixo estar ao lado dos bos e xenerosos. Vitalismo, tenrura, compromiso, lealdade e bondade foron trazos que configuraron o seu carácter desde que a coñecín e ares-tora déixanos un oco inmenso no corazón. Desde onde estas, intempérianos Xela.